

Agradezo a don Ricardo as súas palabras que dan sentido a tres anos de interrogar a mar, de interrogar ao futuro, de interrogar ao mundo que é este libro.

E coa mina felicitación polo recente premio concedido a *Scorpio*, agradézolle a súa vida de entrega xenerosa a esta terra a sementar luz alí onde era a sombra, a súa insobornábel entrega á causa da dinidade nacional.

E a Uxío Novoneyra, que nos honra coa súa presenza, polo fermoso poema que preanuncia este libro e que é como o primeiro violín da orquestra, que dá a primeira nota, que establece o inicio

É sempre difícil presentar o libro dun mesmo porque no longo proceso de pensar, de sentir, nese estado de consciencia sensíbel que é a escrita un cree entre outras cousas que ao final, cando o libro xa é forma, obxecto tallado coa forma dos nosos soños, será algo, anaco ou parte do propio corpo, será engadido ao que un xa é.

Mas ao ve-lo editado a sensación non é de ter percorrido o longo camiño entre o que un ete aquil que un se soña a si mesmo: no querer transformar as palabras, as palabras transformaron a quen escribe.

Así o autor e o libro son como un corpo e a súa sombra a hora do meio día.

Como pois presentarvos esta persoaxe de min mesmo que non me recoñece, que non ten memoria de min?

Livro enfín que escomezei cando o dia tendíase na erva extenuado de tam feliz e finalizou coa sensación do incompleto, deixando tantas preguntas que non sei si saberei respostar algún día.